

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	A Guía	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0926	Escaparatismo e deseño de espazos comerciais	2024/2025	6	105	126
MP0926_12	Deseño dun espazo comercial	2024/2025	6	60	72
MP0926_22	Escaparatismo, organización e montaxe	2024/2025	6	45	54

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LINA ARIAS FERREIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As persoas que obteñan o título de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais exercerán a súa actividade en empresas de calquera sector produtivo e nomeadamente do sector do comercio e o márketing públicos e privados, realizando funcións de planificación, organización e xestión de actividades de compravenda de produtos e servizos, así como de deseño, implantación e xestión de espazos comerciais.

Trátase de traballadores e traballadoras por conta propia que xestionen a súa empresa realizando actividades de compravenda de produtos e servizos, ou por conta allea, que exerzan a súa actividade no departamento de vendas, comercial ou de márketing, dentro dos subsectores de:

- Industria, comercio e agricultura, nos departamentos de vendas, comercial ou de márketing.
- Empresas de distribución comercial por xunto e/ou polo miúdo, nos departamentos de compras, vendas, deseño e implantación de espazos comerciais, comercial ou de márketing.
- Entidades financeiras e de seguros, nos departamentos de vendas, comercial ou de márketing.
- Empresas intermediarias no comercio como axencias comerciais, empresas de asesoramento comercial e xurídico, etc.
- Empresas importadoras, exportadoras e distribuidoras-comercializadoras.
- Empresas de loxística e transporte.
- Asociacións, institucións, organismos e organizacións non gobernamentais (ONG).

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Xefe/a de vendas.

Representante comercial.

Axente comercial.

Encargado/a de tenda.

Encargado/a de sección dun comercio.

Vendedor/ora técnico/a.

Coordinador/ora de comerciais.
 Supervisor/ora de telemárketing.
 Merchandiser.
 Escaparatista comercial.
 Deseñador/ora de espazos comerciais.
 Responsable de promocións no punto de venda.
 Especialista en implantación de espazos comerciais.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Distribución e organización dun espazo comercial.		24	15
2	Implantación: elementos interiores e exteriores.		24	15
3	Escaparatismo: o proxecto de implantación.		24	15
4	Composición e montaxe de escaparates.		18	15
5	Deseño do escaparate.		18	15
6	Montaxe do escaparate comercial.		18	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Distribución e organización dun espazo comercial.	24

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza o deseño de distribución e organización dun espazo comercial, analizando os elementos básicos que o conforman	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analízase a información da empresa ou do establecemento, da competencia, dos/as consumidores/as e do produto ou servizo que resulte salientable para a definición dun espazo comercial
CA1.2 Utilizáronse as fontes de información internas e externas, en liña e offline, necesarias para a realización dun proxecto de implantación
CA1.3 Identificáronse as principais técnicas de distribución de espazos interiores e exteriores comerciais
CA1.4 Deseñáronse espazos comerciais respectando a normativa aplicable, no relativo tanto á lei de prevención de riscos como á regulamentación administrativa ao respecto
CA1.5 Determináronse os efectos psicolóxicos que producen nos/as consumidores/as as técnicas de distribución de espazos comerciais
CA1.6 Organizouse e interpretouse a información reunida, utilizando para iso as aplicacións informáticas precisas

4.1.e) Contidos

Contidos
Estudo e coñecemento da clientela, da propia empresa, do produto e da competencia.
0Funcións principais do merchandising.
Tipos de merchandising.
Normativa comercial, administrativa, de seguridade e de prevención de riscos aplicable ao deseño de espazos comerciais.
Comportamento dos/as consumidores/as no establecemento comercial.
Realización do proceso dunha compra.
Tipos de compra.

Contidos
<p>Determinantes internos e externos do comportamento dos/as consumidores/as.</p> <p>Distribución e márketing.</p> <p>Merchandising: obxectivos e tipos</p> <p>Accións de merchandising de fabricante e de distribuidor/ora.</p> <p>Accións conxuntas de merchandising ou "trade márketing".</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Implantación: elementos interiores e exteriores.	24

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona os elementos interiores e exteriores que determinan a implantación, adecuándoos a un espazo e unha información determinados	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Definíronse as funcións e os obxectivos da implantación que permitan transmitir a imaxe desexada
CA2.2 Identificáronse os parámetros esenciais para a definición dos elementos interiores e exteriores
CA2.3 Elaborouse a información de base para a implantación dos elementos no interior e no exterior do espazo comercial
CA2.4 Elaboráronse propostas para quentar as zonas frías detectadas no establecemento comercial
CA2.5 Establecéronse medidas correctoras en relación coa implantación inicial do establecemento

4.2.e) Contidos

Contidos
Puntos ou zonas quentes e fríos naturais do establecemento.
0Escaparate: clasificación.
Vestíbulo do establecemento.
Normativa e trámites administrativos na implantación externa.
Elementos interiores.
Ambiente do establecemento.
Distribución dos corredores.
Implantación e complementariedade das seccións.
Determinación das zonas logo da implantación.
Disposición do mobiliario.
Realización do "lay out" do establecemento (esquema de distribución).
Arquitectura exterior do establecemento.
0Circulación: itinerarios.
Normativa de seguridade e prevención de riscos.
Determinación do punto de acceso en función das zonas frías e quentes naturais.
Elementos exteriores.
Porta e sistemas de acceso.
Fachada.
Vía pública como elemento publicitario.
Rótulo exterior.
Iluminación exterior.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Escaparatismo: o proxecto de implantación.	24

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora proxectos de implantación de espazos comerciais, aplicando criterios económicos e comerciais	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Elaboráronse proxectos de implantación, deseñando os elementos interiores e exteriores do establecemento e atendendo a criterios de rendibilidade e imaxe de empresa, confeccionando esbozos e bosquejos, e usando unha aplicación informática para a súa presentación, en caso necesario
CA3.2 Elaboráronse orzamentos de implantación, plasmando nunha folla de cálculo a valoración económica feita dos elementos internos e externos desta e a determinación dos recursos humanos e materiais necesarios
CA3.3 Confeccionáronse cronogramas para organizar os tempos e os traballos que cumpra realizar
CA3.4 Aplicáronse criterios económicos e comerciais para a execución da implantación no espazo comercial, procurando a súa optimización
CA3.5 Propuxéronse medidas para a resolución das posibles incidencias xurdidas no proceso de organización e execución da implantación, tanto no referente aos elementos de deseño interior ou exterior como no control orzamentario
CA3.6 Deseñáronse proxectos de tenda en liña, incidindo fundamentalmente no seu escaparate en liña (storefront)

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos de escaparates.
Elementos do escaparate.
Orzamento de implantación do escaparate, realizado en folla de cálculo.
Realización do cronograma ou da planificación temporal do escaparate.

Contidos
<p>Cuantificación dos recursos humanos e materiais necesarios.</p> <p>Criterios económicos e comerciais na implantación.</p> <p>Incidencias na implantación.</p> <p>Previsión de medidas correctoras.</p> <p>Deseño do escaparate (storefront) na tenda en liña.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Composición e montaxe de escaparates.	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina criterios de composición e montaxe de escaparates, analizando información sobre psicoloxía dos/as consumidores/, das tendencias e dos criterios estéticos e comerciais	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os efectos psicolóxicos das técnicas de escaparatismo sobre os/as consumidores/as
CA1.2 Establecéronse as funcións e os obxectivos dun escaparate
CA1.3 Valorouse o impacto dun escaparate sobre o volume de vendas
CA1.4 Definíronse os criterios de selección de materiais para un escaparate, en función dunha clientela potencial e uns efectos desexados
CA1.5 Analizouse o deseño e a montaxe de diversos escaparates
CA1.6 Definíronse os criterios de composición e montaxe do escaparate

4.4.e) Contidos

Contidos
Escaparate e comunicación.
Percepción e memoria selectiva.
Imaxe.
Asimetría e simetría.
Formas xeométricas.
Eficacia do escaparate.
Cálculo de razóns de control da eficacia do escaparate.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Deseño do escaparate.	18

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña escaparates de diversos tipos, respectando obxectivos técnicos, comerciais e estéticos previamente definidos	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Seleccionáronse os elementos, os materiais e as instalacións que compoñen un escaparate
CA2.2 Aplicáronse técnicas de escaparatismo tendo en conta os seus efectos psicolóxicos nas persoas consumidoras
CA2.3 Seleccionáronse combinacións de cor e luz para conseguir efectos visuais

Criterios de avaliación
CA2.4 Aplicáronse técnicas de proxección de escaparates para efectuar o seu deseño segundo os obxectivos definidos
CA2.5 Utilizáronse as técnicas de escaparatismo respecto á súa composición e á potenciación dos artigos
CA2.6 Utilizáronse ferramentas informáticas para a distribución de espazos no deseño dos escaparates

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>A cor na definición do escaparate.</p> <p>Iluminación en escaparatismo.</p> <p>Elementos para a animación do escaparate.</p> <p>Aspectos esenciais do escaparate: cor, iluminación, etc.</p> <p>Bosquexos de escaparates.</p> <p>Valoración do deseño: limpeza, información, ambientación, colocación, etc.</p> <p>Principios de reutilización de materiais.</p> <p>Programas informáticos de deseño e distribución de espazos.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Montaxe do escaparate comercial.	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Organiza a montaxe dun escaparate mediante as técnicas axeitadas, aplicando a normativa de prevención de riscos	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse a terminoloxía básica de proxectos de escaparatismo
CA3.2 Interpretouse a documentación técnica e os obxectivos do proxecto de escaparate
CA3.3 Selecciónáronse os materiais e a iluminación axeitados
CA3.4 Organizouse a execución da montaxe de escaparates previamente definidos
CA3.5 Analizouse o cumprimento da normativa de prevención de riscos
CA3.6 Realizouse a composición e a montaxe de escaparates

4.6.e) Contidos

Contidos
Planificación de actividades. Materiais e medios. Cronograma e execución da montaxe. Técnicas que se utilizan habitualmente para a montaxe de escaparates. Orzamento do escaparate comercial. Métodos de cálculo de orzamentos. Programas informáticos utilizados na xestión de tarefas e proxectos. Deseño do escaparate en liña (storefront).

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os criterios de avaliación deste módulo incluídos no currículo terán a consideración de mínimos exixibles. Para obter unha avaliación positiva é preciso acadar unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10 en cada unha das probas de avaliación realizadas. É dicir, é preciso acadar o 50% da cualificación de cada un para ter unha avaliación positiva. O cálculo do 50 establece no nivel mínimo de logro que corresponda ao instrumento de avaliación empregado.

Os procedementos de avaliación que se aplicarán poderán ser:

1.- Probas de coñecemento:

a.- Poden consistir en exames escritos con preguntas curtas e/ou a desenvolver e supostos prácticos.

b.- Conterán instrucións de realización con indicación de tempos máximos para realizalas e a cualificación máxima por pregunta ou apartados.

c.- Para as probas escritas con preguntas teóricas ou supostos prácticos serán puntuados da seguinte forma, segundo o grao de logro: pregunta completa 100% da cualificación; pregunta case completa 75% da cualificación; pregunta aceptable/regular 50% da cualificación; pregunta incompleta 25% da cualificación, pregunta moio incompleta 5% da cualificación.

d.- Este tipo de probas serán combinadas. Ou sexa, se avaliarán varios criterios de avaliación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba globalmente e repartir a cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido en axustar a avaliación.

e.- En cada período de avaliación parcial, decembro e marzo, este tipo de probas terán un peso do 60% da cualificación obtida. As cualificacións de probas de coñecementos superiores a 4 puntos poderán facer media co resto de procedementos de avaliación para o cálculo da nota de cada avaliación.

2.- Probas de Produto e/ou desempeño.

a.- Poden consistir en realización de traballos baseados nas actividades extraescolares e visitas guiadas que se leven a cabo ao longo do curso académico, como os estudos dos diferentes establecementos comerciais que sexan obxecto de visita. Estes traballos deberán ser presentados na aula coa presentación e defensas orais tanto en grupo como individuais ante os demais compañeiros e nos períodos que sexan establecidos.

b.- Conterán indicacións/instrucións precisas sobre como presentalas, formatos, o xeito de presentación, as penalizacións por presentacións fóra de prazo e de como se cualificarán. Estas probas de produto terán unha defensa oral e serán avaliadas por separado para cada alumno ou alumna, coa súa correspondente táboa de indicadores que incluírán os seguintes bloques: linguaxe non verbal, linguaxe verbal, presentación e creatividade do apoio visual.

c.- Dentro das probas de desempeño as persoas alumnas terán que realizar composicións de escaparates con varias temáticas ao longo do curso, en xeral poderán ser catro montaxes coas temáticas de Outono, Navidades/festa, Carnavais e San Valentín. A realización dos mesmos será en grupos de 3 ou 4 persoas alumnas. Para a cualificación do montaxe dos escaparates teranse en conta os seguintes aspectos: A creatividade, o vestiario dos maniquís, os elementos principais, complementos, os atrezos e expositores utilizados para a montaxe, a iluminación do escaparate e a limpeza, entre outros.

d.- Este tipo de probas serán combinadas. Serán avaliados varios criterios de cualificación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba globalmente e repartir a cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido en axustar a avaliación.

- e.- En cada avaliación este tipo de probas terá un peso do 40% da cualificación, un 20% para a presentación e defensa dos traballos e un 20% da cualificación obtida para o montaxe de escaparates.
- f.- As cualificacións de probas de produtos e/ou desempeños superiores a 4 puntos poderán facer media co resto de procedementos de avaliación para o cálculo da nota de cada avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- 1.- Durante o período ordinario para a recuperación de cada avaliación non superada, programaranse actividades e traballos dirixidos que permitan ao alumno/a adquirir as capacidades ou destrezas non acadadas, e cumprir cos mínimos esixidos. No seu caso, o/a alumno/a deberá presentar os traballos correspondentes non presentados no seu momento.
- 2.- Se a nota da primeira ou segunda avaliación é inferior a 5 puntos deberán ser recuperadas unicamente as probas de coñecemento ou de produto e/ou desempeño que, individualmente, obtiveron unha cualificación inferior a 5 puntos.
- 3.- As actividades de recuperación desenvolveranse no período de abril a xuño, aínda que durante o curso se establecerán para cada proba non superada, segundo se indica no punto primeiro.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

- 1.- O alumnado perde de dereito a avaliación continua cando ten un 10 por cento de faltas de asistencia sen xustificar ou un 15 por cento xustificadas como máximo.
- 2.- Elaborarase unha proba combinada que permita cualificar os CA do módulo. Conterá instrucións de realización con indicación de tempos máximos para realizalas e a cualificación máxima por pregunta ou apartados. Consistirá nunha proba de coñecemento por escrito con dúas partes diferencias, unha parte preguntas teóricas breves ou a desenvolver e outra parte de exercicios e/ou supostos prácticos.
- 3.- Tamén poderá formar parte desta proba extraordinaria unha composición e montaxe dun escaparate, neste caso a profesora indicará ás persoas alumnas a temática da mesma con antelación á realización da proba, e dará as instrucións necesarias para a súa montaxe.
- 4.- O alumnado non terá que examinarse das partes superadas antes da perda da avaliación continua. Ou sexa, estarán exentos de realizar aquelas partes da proba que conteña casos prácticos relacionados con esas partes superadas e preguntas teóricas.
- 5.- A proba de coñecementos teórica conterá o número suficiente de preguntas para poder avaliar os CA do módulo formativo. Esta parte da proba terá unha cualificación máxima de 10 puntos e ponderará un 60 por cento da cualificación final. Para superar esta parte da proba o alumnado deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

6.- A parte de casos prácticos e exercicios consistirá nun número suficiente deles que permita avaliar os CA do módulo formativo. Esta parte da proba terá unha cualificación máxima de 10 puntos e ponderará un 40 por cento da cualificación final. Para superar esta parte da proba o alumnado deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

7.- Cada unha das preguntas e exercicios da proba serán corrixidos segundo o nivel de logro coa seguinte cualificación: Ben/excelente 100 por cen da cualificación; case completo/bastante ben un 75 por cento; regular/aceptable un 50 por cento e insuficiente de 0 ao 40 por cento.

8.- No suposto que se realice unha proba de desempeño coa montaxe dun escaparate, a cualificación máxima do mesmo sería de 10 puntos. Considerarase superada esta proba obtendo unha puntuación mínima de 5 puntos. Deste xeito, a proba de coñecementos por escrito dos supostos prácticos ponderará un 25 por cento e a montaxe do escaparate un 15 por cento da cualificación final.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O profesorado do departamento, realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e de outras circunstancias. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial permitirá coñecer todo o relacionado coa motivación do alumno/a, a actitude coa que se enfrenta ao proceso de ensinanza-aprendizaxe e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir. Para a súa aplicación empregaranse:

- Cuestionario de avaliación inicial do módulo. Os indicadores deste cuestionario son: Nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia, expectativas sobre o módulo.

- Cuestionario de avaliación inicial ou coñecementos previos de cada unidade didáctica. A finalidade deste cuestionario, que se realizará de maneira oral, é poñer en contacto os coñecementos que os

alumnos traen adquiridos e teñen integrados na súa vida cos novos coñecementos que se van a impartir.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Sempre que se dean as circunstancias particulares nun alumno que dificulten o seu proceso de aprendizaxe ou a súa avaliación, o equipo docente deberá facer as adaptacións curriculares pertinentes que sexan precisas, contando co apoio e indicacións do Departamento de Orientación. Estas adaptación faranse constar por escrito e deben ser tidas en conta no proceso avaliador. En calquera caso as respectivas adaptacións, centraranse nos contidos mínimos na programación, o que conleva, que o alumno deberá acadalos todos para poder ser avaliado de forma positiva.

Co fin de detectar posibles anomalías, o equipo docente levará a cabo unha reunión avaliadora preliminar, na data que así o determine a Xefatura de Estudos. Na devandita reunión, farase unha análise tanto de forma individual como conxunta do grupo de alumnos e o mesmo tempo solicitarase o Departamento de Orientación un informe sicopedagóxico de todos aqueles alumnos nos que se detecte algunha condición que poida dificultar a consecución dos obxectivos, como: problemas visuais, dificultade na expresión oral e escrita, dificultades na expresión lectora, problemas de audición, dificultades de concentración e de atención, dificultades no cálculo básico matemático, faltas de asistencia sen xustificar, falta de participación e integración no grupo etc.

Considerarase de vital importancia, os resultados obtidos na primeira avaliación. No caso de ser oportuno, adoptaranse as medidas de corrección pertinentes.

As devanditas adaptacións curriculares irán dirixidas a corrixir as dificultades de aprendizaxe, permitindo así que o alumno acade as capacidades terminais e os contidos mínimos da programación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en equipo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes, a educación emocional e a educación para a convivencia. Tamén se traballarán aspectos tan fundamentais para incorporarse ao mundo laboral como: a puntualidade, a responsabilidade, o esforzo, a honradez, o orde e limpeza, o coidado do aspecto persoal, o desenvolvemento de habilidades sociais... Estes aspectos, así como o respecto aos compañeiros/as, profesores/as, espazo de traballo e material de taller, traballaranse a través de diferentes actividades.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita a CONXEMAR

Visita ás rúas de Urzáiz e Príncipe, na localidade de VIGO, para o estudo e deseño dos elementos da arquitectura exterior e interior dos diferentes establecementos comerciais.

Visita dun escaparartista profesional para realizar un taller teórico-práctico sobre deseño e montaxe de escaparates, proporcionándolles ós alumnos un acercamento ó mundo laboral desta profesión.

Visita ao Centro Comercial Gran Vía para o estudo dos escaparates dos establecementos comerciais.

Visita á localidade de Valença, Portugal para comprobar como afectan os reclamos publicitarios nas rúas públicas aos puntos de venda, ademais do estudo e características dos pequenos establecementos e puntos de venda da Fortaleza.

10. Outros apartados

10.1) ESCENARIO COMBINADO PRESENCIAL Y SEMIPRESENCIAL

1.- Este módulo contará cunha aula virtual na plataforma Moodle do IES A GUÍA, na categoría de SERVICIOS DE ATENCIÓN COMERCIAL. O alumnado, unha vez que teña un usuario na plataforma, poderá autoinscribirse mediante unha chave de autoinscripción que lle será dada nas presentacións ou nos primeiros días do curso.

2.- O curso deste módulo na aula virtual está organizado por Unidades formativas que se irán abrindo conforme se vaia avanzando nos contidos do módulo e contará con ligazóns, ficheiros e tarefas para cada unidade formativa.

3.- A opción de semipresencialidade queda organizada unha xornada por semana, afectando unha sesión semanal a este módulo formativo. Farase seguimento das tarefas e actividades e actividades programadas nas unidades didácticas a través do foro de dúbidas e mediante mensaxería instantánea que se vai organizar para este módulo.

4.- Nas primeiras semanas de clase presencial se incidirá no uso da aula virtual, nas pautas a seguir nas titorías a distancia, no uso dos sistemas de videoconferencia e na resolución de problemas técnicos que poida ter o alumnado.

5.- Se organiza un grupo de contactos do alumnado do módulo que constará de teléfono móbil e correo electrónico como mínimo. Comprobarase que os datos aportados polo alumnado na matrícula a través do XADE están actualizados.

6.- A incorporación do alumnado aos grupos de mensaxería, farase mediante envío de ligazóns dos grupos aos contactos da matrícula ou proporcionado polo propio alumnado para que se anclúan eles de forma voluntaria.

10.2) ESCENARIO A DISTANCIA

Se as circunstancias sanitarias obligasen a pasar a un sistema completamente a DISTANCIA, seguiranse as directrices de SEMIPRESENCIAL do apartado anterior, engadindo as seguintes:

- 1.- A metade do horario do módulo, por exceso programarase polo sistema de videoconferencia preferentemente polas plataformas proporcionadas pola consellería de educación.
- 2.- O resto do horario organizarase con tarefas, traballos e actividades propostas ao alumnado pola profesora. Estas actividades poderán ser seguidas e entregadas por outros sistemas diferentes á videoconferencia.